



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prehistoria universal

Materia	Prehistoria universal			
Código	O02G251V01205			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Mendez Quintas, Eduardo			
Profesorado	Mendez Quintas, Eduardo			
Correo-e	eduardo.mendez.quintas@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Prehistoria Universal aborda dende una perspectiva xeral os principais cambios sucedidos na Historia a partir da orixe da especie humana, e os seus antecesores directos, ata o final da Edade do Ferro.			

Competencias

Código				
A1	Que os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.			
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais			
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz			
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado			
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais			
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado			
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade			
C22	Coñecemento da historia universal			
D1	Capacidade de análise e síntese			
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.			
D16	Coñecemento doutras culturas			

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	B2	C12	D1 C14	
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	A1	C16	D16 C22	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	A3	C16	D1	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	A4	B5	C13	D10

Contidos

Tema	
1. Introducción á Prehistoria.	1.1. A Prehistoria como disciplina científica. 1.2. Instrumentos básicos para o estudo da Prehistoria.
2. O Paleolítico.	2.1. O proceso de hominización. 2.2. O Paleolítico antigo. 2.3. O Paleolítico superior.
3. Prehistoria recente.	2.4. A arte do paleolítico. 2.5. O final das sociedades de cazadores-recolleitores. 3.1. O neolítico. 3.2. O calcolítico. 3.3. A idade de bronce. 3.4. A idade de ferro.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	15	38
Eventos científicos	2	0	2
Obradoiro	12	15	27
Traballo tutelado	0	30	30
Saídas de estudo	3	10	13
Seminario	5	5	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	19	22
Traballo	2	5	7
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas con apoio de material didáctico. Estas sesións serán desenvolvidas na aula e/ou mediante a plataforma de Faitic.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia.
Obradoiro	Técnica de aprendizaxe en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema.
Traballo tutelado	Traballo colaborativo con diversas actividades que finalizan na entrega dun documento. Estes traballos deberán ser expostos na aula, ou a través de Campus Remoto, e posteriormente entregados.
Saídas de estudo	Actividade desenvolvida nun contexto externo ao contorno académico universitario relacionado co ámbito da prehistoria.
Seminario	Seguimento da realización dos traballos. Asesoramento, orientación e aclaración de dúbidas sobre á asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia e revisión dos materiais xerados polas actividades da asignatura e sobre os traballos tutelados. O seguimento realizarase nas tutorías, sexan presenciais ou online, a través del Campus Remoto, curso virtual na plataforma de teledocencia moodle (Faitic, UVigo) ou correo electrónico.
Traballo tutelado	Deberá facer unha proposta temática, cun esquema incluído, relacionada co programa consultando a bibliografía e o material de Faitic. Esta proposta será supervisada así como a realización do traballo. O seguimento levarase a cabo nas tutorías, sexan presenciais ou online, a través del Campus Remoto, curso virtual na plataforma de teledocencia moodle (Faitic, UVigo) ou correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos das sesións maxistras e seminarios serán avaliados mediante proba de resposta longa. Eventualmente poderán realizarse probas de resposta curta sobre temas específicos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, así como da estrutura diacrónica da Historia.	60	A1 B2 C12 D1 C14 D16 C16 C22
Traballo	Entregarase un documento sobre a lectura dun texto, análise do seu contido e crítica, e será exposto nunha actividade presencial realizada na aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	30	A3 C16 D1 A4
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	10	B5 C13 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledoncenci Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirán acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguemento individualizado da participación do alumno a través da TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente considere imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carbonell, E., **Homínidos. Las primeras ocupaciones de los continentes**, Ariel, 2005

Cunliffe, B. (ed.), **Prehistoria de Europa**, Crítica, 1998

Diamond, J., **Armas, gérmenes y acero. Breve historia de la humanidad en los últimos trece mil años.**, Debate, 2006

Díez Martín, F., **El Largo viaje: arqueología de los orígenes humanos y de las primeras migraciones**, Bellaterra, 2005

Gamble, C., **Las sociedades paleolíticas de Europa**, Ariel, 2001

Humphrey, L & Stringer, C., **Our Human Story.**, Natural History Museum, 2019

Rojo Guerra, M. Garrido, R. y García-Martínez, I., **El Neolítico en la Península Ibérica y su contexto europeo**, Cátedra, 2012

Ruiz-Gálvez, M. L., **La Europa Atlántica en la Edad del Bronce. Un viaje a las raíces de la Europa Occidental**, Crítica, 1998

Bibliografía Complementaria

Coppens, Y.; Picq, P., **Los orígenes de la humanidad**, Espasa-Forum, 2004

Collis, J., **La Edad del Hierro en Europa**, Labor, 1989

Curtis, G., **Los pintores de las cavernas. El misterio de los primeros artistas.**, Turner, 2009

Delibes, G & Guerra, E., **"Un brindis por el príncipe". El Vaso Campaniforme en el interior de la Península Ibérica (2500- 2000 a. C.) (Vol. I-II)**, Museo Arqueológico Regional de la Comunidad de Mad, 2019

Díez Martín, F., **Breve historia de los Neandertales.**, Nowtilus, 2011

Díez Martín, F., **Breve historia del Homo Sapiens.**, Nowtilus, 2011

Kristiansen, K., **Europa antes de la Historia. Los fundamentos prehistóricos de la Europa de la Edad del Bronce y Primera Edad del Hierro**, Ediciones Península, 2001

Lewis-Williams, D.; Pearce, D., **Dentro de la mente neolítica**, Akal, 2014

Stringer, C. y Andrews, P., **La evolución humana**, Akal, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
